

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019 - 2020
CENTRO: IES TERRA DE TURONIO
CURSO: 3º ESO
MATERIA: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DEPARTAMENTO: XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: MAIO DE 2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	
CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<input type="checkbox"/> B1.1. Localizar e interpretar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe satélite.	<input type="checkbox"/> XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.
<input type="checkbox"/> B2.1. Coñecer a organización administrativa e territorial de España.	XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.
<input type="checkbox"/> B2.2. Analizar os datos do peso do sector terciario dun país fronte aos do sector primario e secundario, e extraer conclusións.	<input type="checkbox"/> XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.
<input type="checkbox"/> B2.3. Recoñecer as actividades económicas que se realizan en Europa nos tres sectores, identificando distintas políticas económicas	<input type="checkbox"/> XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.
<input type="checkbox"/> B2.6. Localizar os recursos agrarios e naturais no mapa mundial.	<input type="checkbox"/> XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, e as máis importantes masas forestais do mundo.
	<input type="checkbox"/> XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.

	<input type="checkbox"/> XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.
	<input type="checkbox"/> XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.
<input type="checkbox"/> B2.7. Explica e localiza os tipos de pesca e os seus problemas.	<input type="checkbox"/> XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.
<input type="checkbox"/> B2.8. Explicar a distribución desigual das rexións industrializadas no mundo.	<input type="checkbox"/> XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.
<input type="checkbox"/> B2.9. Analizar o impacto dos medios de transporte no seu contorno.	<input type="checkbox"/> XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.
<input type="checkbox"/> B2.10. Entender os fluxos e os bloques comerciais.	<input type="checkbox"/> XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade.
<input type="checkbox"/> B2.11. Analizar o desenvolvemento do turismo e a súa importancia económica.	<input type="checkbox"/> XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos
	<input type="checkbox"/> XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.
<input type="checkbox"/> B2.13. Relacionar áreas de conflito bélico no mundo con factores económicos.	<input type="checkbox"/> XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relaciónaas con factores económicos.

<input type="checkbox"/> B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado
<input type="checkbox"/> B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	<input type="checkbox"/> XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
<input type="checkbox"/> B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía)	<input type="checkbox"/> XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos
<input type="checkbox"/> B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	<input type="checkbox"/> XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.

<input type="checkbox"/> B3.6. Comprender a significación histórica da etapa do Renacemento en Europa.	<input type="checkbox"/> XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).
<input type="checkbox"/> B3.7. Relacionar o alcance da nova ollada dos humanistas, artistas e científicos do Renacemento con etapas anteriores e posteriores.	<input type="checkbox"/> XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.
<input type="checkbox"/> B3.8. Coñecer a importancia da arte renacentista en Europa e en América.	<input type="checkbox"/> XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.
<input type="checkbox"/> B3.9. Coñecer a importancia dalgúns autores e obras destes séculos.	<input type="checkbox"/> XHB3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.
<input type="checkbox"/> B3.10. Comprender a diferenza entre os reinos medievais e as monarquías modernas.	<input type="checkbox"/> XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.
<input type="checkbox"/> B3.11. Analizar o reinado dos Reis Católicos como unha etapa de transición entre a Idade Media e a Idade Moderna.	<input type="checkbox"/> XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.
<input type="checkbox"/> B3.12. Entender os procesos de conquista e colonización, e as súas consecuencias.	<input type="checkbox"/> XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.
	<input type="checkbox"/> XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo
	<input type="checkbox"/> XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.

COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

- 1.- COMPETENCIA DIXITAL
- 2.- APRENDER A APRENDER
- 3.- COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS
- 4.- SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR
- 5.- CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación final do mes de xuño será resultado da media aritmética da 1ª e 2ª avaliacións ó que se engadirá a puntuación da 3ª avaliación. Esta obterase do traballo enviado polo alumnado no cal se terá en conta o esforzo, adicación, interese e regularidade. Se o alumnado se esmerou e entregou todo o que se esixiu calificarase cun 1 punto (que correspondería a un 10) o cal se engadirá á media das avaliacións anteriores.

Ese punto sufrirá descontos caso de que o esforzo non fora regular ou o traballo non estea completo.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

O noso departamento, tendo en conta a natureza da materia de Xeografía e Historia acordou avanzar materia a través de actividades como exercicios ou fichas que debían completar utilizando diversos medios: power point, libro de texto, cuestionarios...

O alumnado ten a posibilidade de recuperar a 1ª e 2ª avaliacións cubrindo os exercicios, fichas ou mapas correspondentes as primeiras avaliacións, e asimesmo deberán completar ó correspondente á terceira.

Os materiais e recursos empregados son o libro de texto a plataforma Agueiro e o correo electrónico.

Todo o alumnado de 3º ESO dispón de conectividade.

Proba de setembro

O alumnado que non acade unha avaliación positiva en xuño terá a posibilidade de presentarse a proba do mes de setembro que tratará sobre os contidos mínimos da programación.

Alumnado coa materia pendente:

A avaliación final será o resultado da media aritmética da 1ª e 2ª avaliación, ante a imposibilidade de realizar o segundo parcial do mes de marzo e a convocatoria do mes de maio, o criterio para unha avaliación positiva será a realización da totalidade dos exercicios encomendados a principios de curso. O alumnado ten a posibilidade de recuperar as avaliacións suspensas entre o remate da 2ª avaliación e finais de maio realizando os exercicios non presentados anteriormente.

Os materias e recursos empregados son o libro de texto, Agueiro e correo electrónico.

Os alumnos que non realicen os exercicios terán a posibilidade de presentarse a convocatoria do mes de setembro que tratará dos contidos mínimos da programación.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

A información ao alumnado e as familias realizase a través de Agueiro, Abalar, e correo electrónico.

A páxina web do Centro tamén é un canal de información importante.